



## Decreto:85/2015

### :ADXUDICACION DAS OBRAS INCLUIDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2015.-

Visto que o 05/03/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local impúlsase a circular emitida pola Deputación Provincial sobre a contratación das obras incluídas no POS 2015. Aprobados os proxectos de obras correspondente e realizada a implantación, xa que existe a dispoñibilidade dos terreos, achégase este a este expediente de contratación.

Visto que dada a característica da obra e na mesma data, pola Xunta de Goberno Local considérase como procedemento máis adecuado o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que o día 10/03/2015 emitíuse un informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que o día 13/03/2015, Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que o día 26/03/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local aprobouse iniciar o expediente para a devandita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que é incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares tipo da Deputación Provincial da Coruña que rexerán a adxudicación do contrato, segundo o manifestado na citada circular provincial e que foron publicadas no BIO nº 103 do 01/06/2012, así como incorporados os criterios de adxudicación no anexo IV, e Anexo V de adaptación á lexislación vixente dende a indicada data e que se achega xunto coa circular de contratación remitida pola Deputación Provincial.

Visto que o día 08/04/2015, emitiu un informe de Intervención de existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 454.619.04 e 1531.619.04



Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 22/04/2015 aprobáronse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obra, por procedemento negociado sen publicidade; procedeuse tamén a autorizar o gasto que supón a adxudicación deste.

Visto que o día 28/04/2015 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

- Syr Amg, S.L.U.
- Alcomte Galicia, S.L
- Unika Proyectos y Obras, S.A.
- Excavaciones José Varela Iglesias, S.L.
- Obras y Viales de Galicia, S.L.

Visto que o día 07/05/2015 certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Visto que o día 7/05/2015, a Xunta de Goberno Local procedeu a apertura dos sobres acordando remitir aos servizos técnicos municipais para que emitise informe de valoración de ofertas.

Visto que presentados en Maio de 2015 os informes de valoración técnica de ofertas por decreto nº 74 do 23/06/2015 clasificou como ofertas máis favorables as emitidas polas empresas seguintes para as obras que se citan e polos importes que se indican



Denominación da obra	Adxudicataria	Orzamento Total	Partida orzamentari a
Pavimentación Camiño na estrada Anxeriz a Camiño a Rebordelos e outro	Excavaciones Jose Varela Iglesias, S.L.	33.810,82	454.61904
Pavimentación camiño en Pereirovello e outro	Obras y Viales de Galicia, S.L.	42.142,97	454.61904
Interiores en Barral (Vila de Abade) e outros	Obras y Viales de Galicia, S.L.	42.175,82	1531.61904
Interiores en Saboi (Castenda) e outros	Syramg, S.L.U.	40.728,27	1531.61904

Visto que se lle requiriu aos candidatos que presentaron a oferta máis favorable que presentase a documentación xustificativa a que fai referencia o artigo 151.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.



# CONCELLO DE TORDOIA .- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

Visto que o día 29/06/2015, OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. constituíu as garantías definitivas por un importe de **1.742,80** euros para a Interiores en Barral (Vila de Abade) e Outros e **1.741,45** euros para a obra Camiño Pereiro Vello e outro; o día 01/07/2015, Excavaciones José Varela Iglesias, S.L., constituíu a garantía definitiva por un importe de **1.397,14** euros para a obra Camiño na estrada de Anxeriz a camiño Rebordelos e outros e SYR-AMG, S.L. constituíu o depósito en metálico na conta do concello que ten na entidade financeira Abanca a cantidade de **1.682,99** euros para responder da garantía definitiva para obra Interiores en Saboi (Castenda) e outros. Igualmente presentaron as mencionadas empresas os documentos xustificativos esixidos.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Adxudicar ás empresas as obras que a continuación se indican e polos importes sinalados por procedemento negociado sen publicidade, aprobado por Decreto da Alcaldía nº 74 do 23 de xuño de 2015, nomeando como director de obra e coordinador de seguridade e saúde á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., concesionaria dos servizos técnicos municipais,

Denominación da obra	Orzamento base licitación	IVE	Orzamento Total	Adxudicataria
Regimentación Camiño na estrada Anxeriz a Camiño a Rebordelos e outro	27.942,83	5.867,99	33.810,82	Excavaciones Jose Varela Iglesias, S.L.
Pavimentación camiño en Pereirovello e outro	34.828,90	7.314,07	42.142,97	Obras y Viales de Galicia, S.L.
Interiores en Barral (Vila de Abade) e outros	34.856,05	7.319,77	42.175,82	Obras y Viales de Galicia, S.L.
Interiores en Saboi (Castenda) e outros	33.659,73	7.068,54	40.728,27	Syramg, S.L.U.

**SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida 454.619.04 do orzamento vixente de gastos.

**TERCEIRO.** Notificarlles a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.


**CUARTO.** Notificarlle as adxudicatarias dos contratos, a presente resolución e citalos para as sinaturas dos contratos o día 10 de xullo de 2015, que terá lugar no Concello de Tordoia, ás 12:00 horas.


**QUINTO.** De acordo co establecido na base oitava das bases reguladoras do POS 2015, notificarlle a Deputación Provincial para que nomee un representante para asistir á comprobación do replanteo da obra se o considera conveniente, quedando sinalada o día 21 de xullo de 2015, as 11:00 horas.


**SEXTO.** Publicar a adxudicación e formalización dos contratos de obras no perfil do contratante, segundo establece o artigo 154.

**SÉTIMO.** Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [ou estudo básico de seguridade] do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde ou director facultativo das obras e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Antonio Pereiro Liñares, en Tordoia a seis de xullo de dous mil quince, do que, como secretario, dou fe.

Ante min,  
O Secretario Acctal.,  
  
Asdo.: Alfonso García Ferreira



O alcalde  
  
Asdo.: Antonio Pereiro Liñares





# CONCELLO DE TORDOIA .- (A Coruña)

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 / 981.69.01.28 FAX.: 981.69.00.05 E-mail: correo@tordoia.dicoruna.es

## INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: INTERIORES EN BARRAL (VILA DE ABADÉ) E OUTROS

CONCELLO: TORDOIA

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a) PROGRAMA TRABAJO	b) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL	c) PLAN CONTROL CALIDAD			d) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD	REDUCCION PLAZOS	OFERTA ECONOMICA	TOTAL
			PLAN	% CI	%CE				
ALCOMTE	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,39	24,39
OVIGA	11,00	4,00	2,00	1,00	9,00	8,00	10,00	0,00	45,00
SIR-AMG	11,00	4,00	2,00	0,20	0,00	8,00	1,00	0,00	26,20
VARELA	10,00	4,00	2,00	0,20	0,00	8,00	1,00	0,00	25,20
UNIKA	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	24,00

## INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: INTERIORES EN SABOI (CASTENDA) E OUTROS

CONCELLO: TORDOIA

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a) PROGRAMA TRABAJO	b) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL	c) PLAN CONTROL CALIDAD			d) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD	REDUCCION PLAZOS	OFERTA ECONOMICA	TOTAL
			PLAN	% CI	%CE				
ALCOMTE	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,43	24,43
OVIGA	5,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	20,00
SIR-AMG	11,00	4,00	2,00	1,00	0,00	8,00	1,00	0,00	27,00
VARELA	10,00	4,00	2,00	1,00	0,00	8,00	1,00	0,00	26,00
UNIKA	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	24,00

INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: CAMIÑO EN PEREIROVELLO E OUTRO

CONCELLO: TORDOIA

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a) PROGRAMA TRABAJO	b) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL	c) PLAN CONTROL CALIDAD			d) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD	REDUCCION PLAZOS	OFERTA ECONOMICA	TOTAL
			PLAN	% CI	%CE				
ALCOMTE	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,20	24,20
OVIGA	11,00	4,00	2,00	0,63	9,00	8,00	10,00	0,00	44,63
SIR-AMG	11,00	4,00	2,00	1,00	9,00	8,00	1,00	0,00	36,00
VARELA	10,00	4,00	2,00	0,13	0,00	8,00	1,00	0,00	25,13
UNIKA	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	24,00

INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: CAMIÑO NA ESTRADA ANXERIZ A CAMIÑO REBORDELOS E OUTRO

CONCELLO: TORDOIA

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a) PROGRAMA TRABAJO	b) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL	c) PLAN CONTROL CALIDAD			d) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD	REDUCCION PLAZOS	OFERTA ECONOMICA	TOTAL
			PLAN	% CI	%CE				
ALCOMTE	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	1,22	25,22
OVIGA	11,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	26,00
SIR-AMG	11,00	4,00	2,00	0,40	0,00	8,00	1,00	0,00	26,40
VARELA	10,00	4,00	2,00	1,00	1,50	8,00	1,00	0,00	27,50
UNIKA	9,00	4,00	2,00	0,00	0,00	8,00	1,00	0,00	24,00